

POSTA EN MARCHA
DUN NEGOCIO

Sociedade limitada






XUNTA DE GALICIA

Edición:
Xunta de Galicia

Autor:
OBZ SL

Deseño e maquetación:
OBZ SL


Santiago de Compostela, 2024
Depósito legal:
C 476-2024





ÍNDICE



7. Sociedade limitada



✓ **SOCIEDADE MERCANTIL NA QUE A RESPONSABILIDADE DAS PERSOAS SOCIAS QUEDA LIMITADA AO CAPITAL ACHEGADO.**



2 Definición e características

DEFINICIÓN



Unha sociedade de responsabilidade limitada (SRL) ou sociedade limitada (SL) é un tipo de sociedade mercantil na que a responsabilidade se limita ao capital que se achega. Este capital social dividírase en participacións sociais, indivisibles e acumulables.

A sociedade está constituída por persoas socias e estas poden ser persoas físicas (individuos) ou persoas xurídicas (empresas).

Ten personalidade xurídica propia, é dicir, a sociedade ten capacidade suficiente para contraer obrigas e realizar actividades que xeran plena responsabilidade xurídica, fronte a si mesma e fronte a terceiros.

TIPOS DE PERSOAS SOCIAS E FUNCÍONS:

Persoas socias traballadoras:

- ✓ Achegan capital e traballo.
- ✓ Encárganse habitualmente da xestión diaria da empresa.
- ✓ Participan nas ganancias e perdas da empresa.
- ✓ Deben darse de alta como persoa empresaria individual ou autónoma en función da porcentaxe de participacións que posúan e da súa capacidade de toma de decisións:
 - Posúe o 25% do capital e realiza tarefas de xerencia.
 - Posúe o 33% do capital e traballa na empresa.
 - Posúe o 50% do capital da empresa (individualmente, co/coa cónxuxe ou familiar convivente ata o 2º grado).

Persoas socias capitalistas:

- ✓ Son persoas físicas ou xurídicas (podería ser outra empresa) que participan no capital social da empresa. Non adoitan participar na xestión diaria.
- ✓ Achegan habitualmente capital como vía de investimento na empresa.
- ✓ Participan nas ganancias e nas perdas da sociedade.



CARACTERÍSTICAS

As características principais deste tipo de sociedade son:

- ✓ Requírese dun mínimo dunha persoa e non hai un máximo. Cando se trata dunha soa, denomínase sociedade limitada unipersoal e o 100% do capital social corresponde a unha única persoa.
- ✓ As persoas socias poden ser persoas naturais (persoas físicas ou seres humanos) ou persoas xurídicas, isto é, empresas.
- ✓ O capital social divídese en participacións sociais.
- ✓ A responsabilidade é solidaria e limitada entre as persoas socias, que non responden co patrimonio persoal das débedas da empresa, senón que esta se limita ao capital achegado á sociedade.
- ✓ Ten personalidade xurídica.
- ✓ Na denominación da sociedade de responsabilidade limitada deberá figurar necesariamente a indicación «sociedade de responsabilidade limitada», «sociedade limitada», «sociedade limitada unipersoal» ou as súas siglas "SRL", "SL", "SLU".
- ✓ A responsabilidade da xestión recae sobre as persoas administradoras e non sobre as socias.
- ✓ A empresa non pode cotizar en bolsa e as súas participacións non poden cotizar no mercado de valores.
- ✓ A sociedade limitada tributa polo imposto de sociedades.
- ✓ Ten a obriga de levar a contabilidade segundo o Plan xeral contable e o Código de comercio.
- ✓ En xeral, o capital mínimo para constituír unha sociedade limitada é de 3.000 euros, aínda que a lexislación permite a constitución cun euro de capital sempre que se asuman certas medidas, que se estableceron na Lei 18/2022 para protexer ás persoas acreedoras (físicas ou xurídicas) e terceiros que operen coa sociedade, mentres o capital non chegue aos 3.000 euros:
 - Destinarase á reserva legal un mínimo do 20% do beneficio ata que a devandita reserva xunto co capital social alcance o importe de 3.000 euros.
 - No caso de liquidación, voluntaria ou forzosa, se o patrimonio da sociedade fose insuficiente para atender o pago das obrigas sociais, as persoas socias responderán solidariamente da diferenza entre o importe de 3.000 euros e a cifra de capital subscrito.

2 Definición e características

TIPOS DE SOCIEDADE LIMITADA

Sociedade limitada
(SL)

Sociedade limitada
unipersoal (SLU)

Sociedade limitada
laboral (SLL)

Sociedade limitada (SL):

- ✓ Sociedade mercantil na que a responsabilidade se limita ao capital achegado.

Sociedade limitada unipersoal (SLU):

- ✓ Sociedade limitada na que a principal característica é que está formada por unha única persoa socia. É dicir, a totalidade das participacións sociais pertencen a unha soa persoa física ou xurídica (podería ser unha empresa). A devandita situación pode ser orixinaria ou sobrevida.

Sociedade limitada laboral (SLL):

- ✓ Sociedade de responsabilidade limitada na que o capital social pertence na súa maioría ás persoas socias traballadoras que levan a cabo un traballo retribuído dunha forma persoal e directa, cunha relación laboral por tempo indefinido. As devanditas persoas socias traballadoras deben posuír polo menos un 51% da sociedade.

Véxase a guía específica da devandita modalidade para máis información.

Ata outubro de 2022 existía a sociedade limitada nova empresa (SLNE) e a sociedade limitada de formación sucesiva, ambas derogadas pola Lei crea e crece.


A sociedade limitada nova empresa era un tipo de sociedade limitada cun prazo e cun proceso de constitución máis reducido xa que permitía a creación dunha empresa nun período de 48 horas cunha serie de limitacións. Porén, este tipo de sociedade limitada foi derogada coa entrada en vigor da Lei 18/2022, de creación e crecemento de empresas, o 19 de outubro de 2022.

A Lei 18/2022 (Lei crea e crece) tamén elimina a forma de sociedade limitada de formación sucesiva, na que a achega inicial do capital se fixaba nun mínimo dun euro. Nela, as persoas administradoras debían cumprir unha serie de requisitos para compensar esa falta de autofinanciamento inicial; entre eles destacaba o non ser a persoa administradora de máis de cinco sociedades limitadas de formación sucesiva.

É importante ter en conta que as SLNE que xa existen non se van eliminar, simplemente agora se lles aplican as disposicións que regulan a sociedade de responsabilidade limitada e teñen que empregar a denominación SRL.


VANTAXES

- Rápida constitución.
- O capital social mínimo esixido é dun euro.
- Pódese crear cunha soa persoa socia.
- Protección do patrimonio persoal e limitación das responsabilidades.
- As SL ofrecen unha mellor figura financeira e profesional a unha persoa autónoma.
- Flexibilidade nos impostos.
- Beneficios a nivel fiscal.



INCONVENIENTES

- ✗ Xestión fiscal e contable máis complexa ca a dunha persoa traballadora autónoma.
- ✗ Limitacións na venda ou traspaso das participacións.
- ✗ Posible falta de financiamento externo pola limitación da responsabilidade. As operacións de financiamento externo poden esixir o aval das persoas socias, o que traslada a responsabilidade última da sociedade ás persoas socias avalistas.
- ✗ Vulnerabilidade ou risco de perda económica se unha persoa socia comete unha fraude do seu capital para liquidar un préstamo ou unha hipoteca.



4 Constitución e posta en marcha

PROCESOS E TRÁMITES

PROCESO DE CONSTITUCIÓN

- ✓ Solicitud de certificación negativa do nome da sociedade que se vai constituír no Rexistro Mercantil Central (certificación negativa de denominación).
- ✓ Apertura dunha conta bancaria provisional a nome da nova sociedade en formación onde as persoas socias (físicas ou xurídicas) deben depositar o capital social no caso de que este fose diñeiro en efectivo.
- ✓ Escritura pública de constitución que outorgarán as persoas socias (físicas ou xurídicas) fundadoras e determinación da forma de administración da empresa.
- ✓ Liquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (MODELO 600).
- ✓ Solicitud do NIF provisional (MODELO 036).
- ✓ Inscripción da sociedade no Rexistro Mercantil provincial.
- ✓ Solicitud do NIF definitivo (MODELO 036).
- ✓ Legalización de libros obrigatorios e contas anuais ao Rexistro Mercantil provincial.

TRÁMITES PARA A POSTA EN MARCHA FISCAL-LABORAL DA SOCIEDADE LIMITADA

- ✓ Obtención dun certificado dixital.
- ✓ Alta no censo de persoas empresarias da Axencia Tributaria (MODELO 036) onde se indica a actividade que se vai realizar, o domicilio e as obrigas fiscais da empresa.
- ✓ Alta das persoas socias e/ou administradoras no réxime especial de persoas traballadoras autónomas (RETA) na Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).
- ✓ Inscripción da empresa na Seguridade Social, obtención do código de conta de cotización (CCC), no caso de contratar persoas traballadoras.
- ✓ Comunicación da apertura do centro de traballo á Consellería de Traballo de Galicia.
- ✓ Afiliación das persoas traballadoras no réxime xeral da Seguridade Social co seu correspondente rexistro de contratos no Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).
- ✓ Contratación do servizo de prevención de riscos laborais.

4 Constitución e posta en marcha

OUTRAS POSIBLES OBRIGAS DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO DA SOCIEDADE LIMITADA

- ✓ Licenza de apertura/actividade no concello correspondente.
- ✓ Outras licenzas en función da actividade.
- ✓ Rexistro de signos distintivos na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM).

Os trámites de constitución dunha sociedade limitada son similares a algúns doutras formas xurídicas: primeiro cómpre pechar un acordo entre as partes e despois acudir a Facenda, á Seguridade Social e, no caso de precisar unha licenza de apertura, ao concello da localidade onde se fixe o domicilio fiscal.

Podes facelo de dúas formas:

TELEMÁTICA: cómpre teres o certificado dixital para identificarte ante cada un dos organismos oficiais.

PRESENCIAL: terase que acudir aos organismos e administracións públicas.

AEAT, Axencia Estatal de Administración Tributaria: Tel.: 91 290 13 40

Oficinas A Coruña

Oficinas Lugo

Oficinas Ourense

Oficinas Pontevedra

Atriga, Axencia Tributaria de Galicia: Tel.: 881 955 800

Delegación A Coruña

Delegación Lugo

Delegación Ourense


Delegación Pontevedra

Delegación Vigo


SEGURIDADE SOCIAL

Buscador de oficinas cercanas da Seguridade Social Tel.: 91 542 11 76

A alta debe facerse de forma telemática obrigatoriamente.



4 Constitución e posta en marcha



5 Obrigas fiscais

Algunhas das obrigas fiscais da sociedade mencionáronse no proceso de constitución e posta en marcha:

- ✓ Darse de alta no censo de persoas empresarias mediante a presentación do MODELO 036 ou MODELO 037.
- ✓ Solicitude do CIF.
- ✓ Alta na epígrafe IAE correspondente á actividade que se vai desenvolver, MODELO 840 o MODELO 848.
- ✓ Autoliquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados – ITP e AXD (MODELO 600). A operación de constitución está exenta do devandito imposto, aínda que se debe presentar igualmente o devandito modelo.

Outras obrigas fiscais que se deben ter en conta:

- ✓ Imposto de sociedades (IS) mediante a presentación do MODELO 200, se é preceptivo e MODELO 202.
- ✓ Liquidacións periódicas do IVE: trimestralmente mediante o MODELO 303, e de maneira anual co MODELO 390. De ser o caso, MODELO 347 Declaración anual de operacións con terceiras persoas e o MODELO 349 Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias.
- ✓ Imposto de actividades económicas: MODELO 840 e MODELO 848.
- ✓ Retencións á conta do IRPF mediante a presentación do MODELO 111, MODELO 115, MODELO 180 e MODELO 190 (segundo as circunstancias).
- ✓ As contas anuais.

PARA TER EN CONTA

BONIFICACIÓN E AXUDAS

Existen bonificacións nas cotas que se deben pagar e axudas para a posta en marcha dun negocio; infórmate adecuadamente. As axudas poden resultar interesantes, pero lembra que a viabilidade dun proxecto non debe apoiarse nunca exclusivamente nelas.



6 Extinción e cesamento de actividade

A extinción dunha sociedade é o proceso mediante o cal a persoa empresaria realiza os trámites precisos para o peche da empresa.

Antes de tomar unha decisión, as persoas socias fan ben en sopesar todas as consecuencias legais e financeiras derivadas da extinción da sociedade porque, nalgúns casos, pode bastar un cesamento, que deixa a porta aberta a unha reactivación posterior sen chegar á disolución.

No proceso de extinción débense seguir estes pasos: disolución-liquidación-extinción.



DISOLUCIÓN

A disolución precísase para a liquidación da sociedade; non supón a desaparición da forma xurídica, senón a paralización da actividade ordinaria da empresa.

Para que se produza a disolución da sociedade precísase chegar a un acordo da xunta de persoas socias para poder iniciar o proceso de liquidación da empresa.

Coa disolución, a empresa entra no período de liquidación e debe engadir á súa razón social a frase "en liquidación". Ademais, suspéndese a actividade ordinaria e substitúese o órgano de administración polas persoas liquidadoras.

No caso de que o proceso de liquidación se estenda por un período superior a un ano, o balance anual substitúese por un estado de contas.

LIQUIDACIÓN

A finalidade da liquidación é a repartición do patrimonio entre as persoas socias despois de cobrar os créditos pendentes e pagar as débedas con terceiros. Nesta fase, a sociedade aínda podería reactivarse pois, aínda que a actividade estea paralizada, a sociedade segue a manter a súa personalidade xurídica e por iso se manterán as convocatorias e reunións das xuntas xerais de persoas socias.

As persoas que levan a cabo este proceso convértense en liquidadoras e désígnanse segundo o establecido nos estatutos. No caso de que os estatutos non recollan a asignación, será a Xunta Xeral a encargada de nomear as persoas liquidadoras.

6 Extinción e cesamento de actividade

Nas xuntas, as persoas liquidadoras deberán explicar a marcha da liquidación para que a xunta acorde o que máis conveña.

Unha vez concluída a fase de liquidación, as persoas liquidadoras presentaranlle á Xunta Xeral os seguintes documentos:

- Un balance final.
- Un informe completo sobre as operacións realizadas.
- Un proxecto coa división entre as persoas socias do activo resultante.

Un caso especial que se debe ter en conta é a *liquidación por concurso de acredores*, na que se produce a disolución da empresa de pleno dereito e na que non procede o nomeamento de persoas liquidadoras.

A lexislación que se debe aplicar é a establecida no capítulo II do título V da Lei concursal .

NOTA: se a sociedade non tivese débedas nin créditos pendentes, a disolución e a liquidación poderían levarse a cabo de forma paralela.

EXTINCIÓN

Unha vez realizada a liquidación, as persoas liquidadoras deben obrigatoriamente inscribir a extinción no Rexistro Mercantil (RM) mediante escritura pública que conteña:

- O balance final de liquidación.
- O acordo de aprobación do balance final.
- A declaración de que se lle pagou ás persoas acreedoras ou á consignación dos seus créditos.
- A división do resultado final e como se distribuíu o patrimonio entre as persoas socias (físicas ou xurídicas).

Tras a extinción, no prazo dun mes, as persoas socias deben darse de baixa no censo de persoas empresarias da AEAT mediante o [MODELO 036](#) e do IAE mediante o [MODELO 840](#) .

No caso de ter persoas empregadas, deben dar de baixa o código de conta de cotización na Tesourería Xeral da Seguridade Social mediante o [MODELO TA.7](#) de solicitude de alta, baixa e variación de datos de conta de cotización.

Lembra que é esencial contar co asesoramento de profesionais do ámbito legal e contable para asegurarse de cumprir con todas as regulacións e procedementos aplicables en cada caso particular.

7 Normativa aplicable

NORMATIVA

A normativa aplicable ás sociedades limitadas é a seguinte:

O [Texto refundido da Lei de sociedades de capital](#) , que regula as sociedades anónimas, as sociedades de responsabilidade limitada e as sociedades comanditarias por accións. Esta lei establece as normas xerais sobre a constitución, o funcionamento, a disolución e a liquidación das sociedades limitadas, así como os dereitos e obrigas das persoas socias e os órganos sociais.


O [Real decreto lei 13/2010](#) , que introduciu medidas de simplificación e axilización, para a constitución de sociedades limitadas, como a posibilidade de utilizar estatutos tipo, a redución dos prazos e os custos notariais e rexistrais, e a creación da sociedade limitada de formación sucesiva, que non require un capital social mínimo.

O [Código de comercio](#) , que contén algunhas disposicións específicas para as sociedades de persoas, entre as que se inclúen as sociedades colectivas e as sociedades comanditarias simples, que poden adoptar a forma de sociedade limitada. Este código tamén regula as contas de participación, que son contratos mercantís polos que unha persoa se interesa na actividade doutra a cambio dunha parte dos beneficios ou perdas.

A [Orde XUS/3185/2010](#) , que aproba os estatutos tipo das sociedades de responsabilidade limitada que poden empregar as persoas interesadas para constituír unha sociedade limitada de forma rápida e sinxela, sempre que se cumpran os requisitos establecidos na norma.

A [Lei 14/2013](#) , que establece medidas de apoio ás persoas emprendedoras e á súa internacionalización, así como a creación da figura da persoa emprendedora de responsabilidade limitada, que limita a responsabilidade da persoa empresaria individual polas débedas derivadas da súa actividade profesional, e a posibilidade de constituír unha sociedade limitada cunha soa persoa socia, denominada sociedade limitada unipersoal.

A [Lei 18/2022](#) , do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas, tamén coñecida como a Lei crea e crece, que trata de facilitar a creación dunha empresa, axilizando a constitución mediante a redución de obstáculos de regulación.





COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA **O EMPRENDEMENTO**

